

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN (REFERENCIA 2021/CP/184) PARA O POSTO DE TÉCNICO/A SUPERIOR CON CARGO AO CONVENIO DE FINANCIAMENTO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN, CAMPUS INDUSTRIAL DE FERROL, CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E PUBLICADO NA SÚA SEDE ELECTRÓNICA E NA PÁXINA WEB DA UDC O 29 DE XULLO DE 2021

O 29/07/2021, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC e na súa páxina web unha convocatoria coas bases para a selección e contratación laboral dun/ha técnico/a superior a tempo completo.

O 24/08/2021 publicouse a resolución provisional co nome da candidata seleccionada para a devandita praza, outorgando un prazo de dous días para presentar reclamacións.

Tendo en conta que non se recibiu ningunha reclamación, o órgano de selección acorda resolver definitivamente á candidatura á praza 2021/CP/184, adxudicándose a candidata:

IVANNA FERNÁNDEZ NAVEIRA

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo doutros recursos administrativos que se poidan presentar.

Ferrol, 6 de setembro de 2021

A presidenta do Órgano de Selección

María Jesús Movilla Fernández